<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Creating a Better World	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Comprender as ideas principais dun texto.	PE	64
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar, seleccionar e xestionar información veraz.	Comprender información específica dun texto oral ou escrito.		
CA2.3 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando as estratexias máis eficaces para superalos e consolidar a aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Amosar unha evolución na súa aprendizaxe.		
CA3.1 - Actuar de forma apropiada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propoñendo vías de solución para aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Reflexionar sobre as diferentes culturas e as súas diferenzas.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Identificar textos escritos ou orais adecuados á diversidade cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Facerse comprender por escrito.	TI	36
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen se dirixe o texto.	Organizar os seus textos escritos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiáns.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias,</li> </ul>

## Contidos

- ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coevaluación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Finding my Way	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Comprender as ideas principais dun texto.	PE	64
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar, seleccionar e xestionar información veraz.	Comprender información específica dun texto oral ou escrito.		
CA2.3 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando as estratexias máis eficaces para superalos e consolidar a aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Amosar unha evolución na súa aprendizaxe.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Actuar de forma apropiada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propoñendo vías de solución para aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Reflexionar sobre as diferentes culturas e as súas diferenzas.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Identificar textos escritos ou orais adecuados á diversidade cultural.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Non amosar ideas discriminatorias.		
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Transmitir ideas oralmente.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Facerse comprender por escrito.	TI	36
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores, así como polas linguas empregadas, participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Presentar información oralmente de xeito comunicativo.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Resumir un texto respectando as ideas principais e secundarias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, sistema escolar e formación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) e para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coevaluación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Na materia seguiremos un enfoque comunicativo baseado nunca metodoloxía principalmente inductiva. A pesar de seguir este tipo de metodoloxía, isto non quere dicir que nalgúns ocasións fagamos uso doutro tipo de enfoques como explicacións dedutivas ou gramática-tradución e exercicios de tipo drill, co gallo de que o alumnado interiorice con maior precisión o funcionamento da lingua que están aprender.

O alumnado que teña máis dificultades na materia será proposto para recibir un reforzo educativo para adaptar a miña metodoloxía ó seu nivel de desempeño académico. As concrecións metodolóxicas do alumnado con reforzo

educativo serán consensuadas co departamento de orientación para recibir retroalimentación positiva sobre como traballar con dito alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Options 4º ESO, editorial Burlington Books
Aula virtual
Recursos en liña
Pantalla dixital e equipo de son

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ten varias partes:

Primeiramente, na primeira clase do curso presentárase un exame escrito co mesmo formato dos exames que terán que facer durante o curso, pero sobre os contidos do curso anterior.

A continuación, o segundo día de clase farase unha moi breve exposición oral por parte do alumnado sobre as cousas que fixeron durante o verán.

Por último, o terceiro día de clase rematarase a avaliación inicial con outra breve exposición oral sobre que cousas non fixeron durante o verán pero que lles gustaría facer.

Cos resultados do primeiro exame e as anotacións das exposicións orais do alumnado, o docente poderá deseñar o comezo do curso cun nivel adecuado para toda a clase.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>35</b>	<b>35</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	64	64	64	64	64	64	<b>64</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	36	36	36	36	36	36	<b>36</b>

### Criterios de cualificación:

Probos de avaliación:

Os exames escritos de contidos constarán de cinco partes diferenciadas:

- A primeira serán exercicios de comprensión lectora (20%)

- A segunda serán exercicios de comprensión oral (20%)
- A terceira traballará o vocabulario (20%)
- A cuarta traballará a gramática (20%)
- A última parte será un exercicio de expresión escrita (20%)

Os exames escritos dos libros de lectura contarán de todas ou algunhas das seguintes partes:

- Preguntas de verdadeiro ou falso.
- Preguntas sobre o contido.
- Preguntas de fill in the gaps.
- Preguntas de seleccionar a orde correcta dos acontecementos.
- Exercicio de redacción.
- Outras preguntas relacionadas coa lectura que o docente considere relevantes.

A proba oral terá lugar tras os exames escritos do trimestre. Esta avaliará as competencias de expresión oral do alumnado. Poderá ser gravada para deixar un rexistro do desempeño do alumnado en caso de que sexa preciso consultalo a posteriori. Poderá tratarse dalgunhas das seguintes situacións, segundo o criterio do docente e, en caso necesario, tras achegar posturas co alumnado.

- Falar durante aproximadamente 5 minutos sobre un tema elixido libremente, sempre que sexa apropiado para o contexto escolar.
  - Falar durante aproximadamente 5 minutos sobre un tema elixido libremente entre varios propostos polo docente.
    - Decrir imaxes non vistas anteriormente polo alumnado empregando o léxico e a gramática das unidades traballadas ó longo do curso. A imaxe será elixida ó chou polo estudante entre unha selección ofertada polo docente.
    - Manter unha conversa en parellas ou co docente tendo unha serie de preguntas incompletas ou un tema guiado sobre cuestión cotiás.
    - Manter unha conversa sobre o libro de lectura do trimestre.
    - Responder preguntas sobre o libro de lectura do trimestre.
    - Calquera outro exercicio adaptado ó curso do alumnado e ás competencias de expresión oral do seu nivel.

Criterios de corrección:

Nos exames de contidos:

- As respostas deberán ser completas e estar escritas sen erros gramaticais para seren consideradas como respostas correctas.
  - En caso de que un exercicio pida realizar varias accións (por exemplo, responder verdadeiro ou falso e reescribir as respostas falsas correctamente), todas as accións deberán ser feitas correctamente para que ese exercicio conte como correcto.
  - Os erros de deletreo non serán tidos en conta agás no exercicio de vocabulario, de gramática e no de redacción. Estes farán que as respostas de encher os ocos sexan consideradas incorrectas ou que poida baixar a nota segundo a rúbrica que se empregue.
  - Non se sumará a nota dos exercicios de redacción se non se chega á extensión mínima solicitada no enunciado, xa que non se consideraría como un exercicio completo.
  - Os exercicios de redacción serán corrixidos empregando unha rúbrica de expresión escrita. Haberá unha para o alumnado ordinario e outra ou outras adaptadas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Nos exames dos libros de lectura:

- As respostas deberán ser completas para seren consideradas como respostas correctas.
  - En caso de que un exercicio pida realizar varias accións (por exemplo, responder verdadeiro ou falso e reescribir as respostas falsas correctamente), todas as accións deberán ser feitas correctamente para que ese exercicio conte como correcto.
  - Os erros de deletreo non serán tidos en conta agás no exercicio de redacción. Estes farán que poida baixar a nota segundo a rúbrica que se empregue.
  - Non se sumará a nota dos exercicios de redacción se non se chega á extensión mínima solicitada no enunciado, xa que non se consideraría como un exercicio completo.
  - Os exercicios de redacción serán corrixidos empregando unha rúbrica de expresión escrita. Haberá unha para o alumnado ordinario e outra ou outras adaptadas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Na proba de expresión oral:

- O exame oral será avaliado empregando unha rúbrica de expresión oral. Haberá unha para o alumnado ordinario

e outra ou outras adaptadas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Instrumentos de avaliación:

- Proba escrita.

As probas escritas serán empregadas para avaliar as competencias de comprensión oral e escrita, gramática e vocabulario, é dicir, o 80% do peso dos exames escritos de contidos e de libros de lectura. Poderá adaptarse o formato das probas escritas do alumnado ordinario ás características persoais de cada estudante con necesidade específica de apoio educativo en caso de ser preciso.

- Rúbrica ou táboa de indicadores.

As rúbricas ou táboas de indicadores serán empregadas para avaliar as competencias de expresión oral e escrita. Isto fai referencia ó 20% restante do peso das probas escritas e ó 100% das probas orais. Poderán adaptarse as rúbricas ou táboas de indicadores do alumnado ordinario ás características persoais de cada estudante con necesidade específica de apoio educativo en caso de ser preciso.

Cálculo da nota trimestral:

A nota do trimestre será calculada tendo en conta que a media aritmética dos exames escritos de contidos e de libros de lectura conta un 80% da nota e a proba de expresión oral ten un peso do 20%.

Analizando este dato en profundidade, podemos extraer que o peso trimestral dos instrumentos de avaliación é o seguinte:

- As probas escritas aportan o 64% da nota.
  - Equivalería ó 80% dos exames escritos, que contan o 80% da nota trimestral.
- Das rúbricas ou táboas de indicadores extráese o 36% restante.
  - Equivalería ó 20% dos exames escritos, que contan o 80% da nota trimestral e ó 100% da proba de expresión oral, que vale o 20% do trimestre.

Cálculo da nota final:

Dado que esta se trata dunha materia lingüística, que os seus contidos iniciais se traballan ó longo de todo o curso e que os novos conceptos que se van aprendendo son empregados para construír coñecementos novos sobre eles, o alumnado que aproba o terceiro trimestre, aprobará o curso.

Para calcular a nota da avaliación final, preséntanse a continuación os pesos de cada trimestre:

Nota media do primeiro trimestre: 10%

Nota media do segundo trimestre: 20%

Nota media do terceiro trimestre: 70% (xa que os contidos dos trimestres anteriores son avaliados tamén neste último trimestre)

Criterios de redondeo:

Poderá redondearse a nota cara a números enteiros superiores en dous únicos casos:

- No caso en que un estudante suspendese os dous primeiros trimestres, pero aprobese o terceiro e a nota final tras calcular a ponderación dos tres trimestres fose inferior a 5 puntos. Nese caso, consideraríase a ese alumno aprobado e redondearíase cara á nota de 5.
- No caso en que se decida durante a sesión de avaliación que o estudante se beneficiaría do redondeo cara a números enteiros superiores e que este reflicte a evolución nas súas competencias lingüísticas baseándose nas aportacións obxectivas e xustificadas realizadas polos integrantes da xunta de avaliación, o docente podería optar por subir esa nota a números enteiros superiores.

### **Criterios de recuperación:**

Ó tratarse dunha materia lingüística, todos os contidos son traballados ó longo do curso. Polo tanto, se un estudante aproba o terceiro trimestre, terá a materia aprobada, aínda que nas avaliacións anteriores obtivese unha avaliación negativa. En caso de que se suspenda a terceira avaliación, este alumnado terá que facer actividades de reforzo e recuperación para afianzar os contidos que non conseguiu aprender durante o curso. Ademais, realizará unha proba escrita onde amose que aprendeu eses contidos. Este proceso de recuperación terá lugar a final de curso, no mes de xuño. A data ou datas da proba ou probas de recuperación serán acordadas co alumnado. A nota da avaliación final será a acadada na proba de recuperación sempre que non sexa inferior á nota da avaliación continua. En caso de haber máis dunha proba escrita de recuperación, todas terán o mesmo peso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na materia de inglés, síguese o establecido no deseño universal de aprendizaxe. Intentamos propoñer sempre actividades e tarefas que poidan ser asumibles por todo o alumnado da clase, independentemente da súa capacidade. O alumnado que teña problemas para conseguir aprobar a materia, a pesar do seu esforzo e traballo, optará por recibir reforzo educativo na mesma. Este reforzo, en termos xerais, contará cun cambio na metodoloxía inductiva por unha dedutiva, con explicacións máis claras e directas para o alumnado. En casos moi específicos, podería empregarse o castelán ou o galego como linguas vehiculares para as explicacións. Ademais, poderá vir reforzado con material didáctico extra na aula virtual. Paralelamente, os instrumentos de avaliación poderán ser modificados para adaptarse ás necesidades do alumnado. Dous estudantes con reforzo educativo poderán ter dous instrumentos adaptados de xeito diferente. Non existe un modelo de adaptación estándar.

En caso de que esta adaptación non sexa suficiente, contarase co apoio do departamento de orientación para recibir pautas de traballo específico. Tamén se lle poderá solicitar ó departamento de orientación que avalíe a necesidade de realizar unha adaptación curricular nos casos en que o desfase curricular sexa demasiado como para poder seguir o ritmo de clase propio do curso en que se atope ese estudante.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas complementarias	Ler observacións	X	X	X

#### Observacións:

Non está previsto realizar actividades complementarias desde a materia de inglés. Porén, contamos cunha persoa auxiliar de conversa dentro do programa plurilingüe do centro que podería participar nalgunhas sesións no grupo de 4º de ESO A para o que se redacta esta programación didáctica co gallo de educar ó alumnado en diferentes aspectos extracurriculares sobre a vida nos países de fala anglófona. En caso de que saia algunha actividade complementaria interesante para o departamento da materia e se poida sufragar cos gastos do departamento, analizarase a súa viabilidade nunha xuntanza de departamento para proceder á súa posterior presentación e aprobación no consello escolar.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Escala de valores

Metodoloxía empregada
Escala de valores
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Escala de valores
Medidas de atención á diversidade
Escala de valores
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Escala de valores

### Descrición:

Haberá unha escala de valores para avaliar a práctica docente por parte do propio profesor da materia. Ademais, habilitarase na aula virtual un formulario de avaliación da práctica docente para que o alumnado poida dar a súa opinión de xeito completamente anónimo. En caso de que haxa aportacións relevantes, poderán ser debatidas na clase para intentar conseguir consenso sobre unha proposta de mellora que beneficie a toda a comunidade educativa.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Polo menos unha vez ó mes haberá unha reunión de departamento en que se xuntarán os profesores do departamento para analizar, entre outras cousas, o seguimento da programación e os resultados académicos do alumnado. Nestas reunións analízase tamén a programación didáctica e os posibles cambios e/ou propostas de mellora para levar a cabo nese mesmo curso ou en cursos posteriores. En caso de que se considere oportuno, se hai consenso realizaranse eses cambios.

Unha vez ó trimestre poderase levar a cabo unha posta en común das suxestións de mellora que presenta o alumnado co gallo de mellorar a calidade educativa da materia.

Tamén se levará a cabo unha análise e avaliación da práctica docente na memoria de final de curso.

## 9. Outros apartados

### 1. Avaliación do alumnado coa materia pendente

Debido a un erro informático, non se puido completar esta información no apartado 5.3.

No caso en que haxa alumnado coa materia pendente, deseñarase un plan específico personalizado para cada estudante que o precise segundo se estipula no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021. Nese plan especificaranse as pautas que se seguirán para a impartición dos contidos, o seu seguimento e a avaliación do alumnado.

Cómpre mencionar tamén que, en caso de que un estudante coa materia pendente aprobe algunha das avaliacións dun curso superior ó que teña pendente, aprobará automaticamente a materia de cursos anteriores debido a que as materias lingüísticas constrúen o coñecemento sobre os saberes previos. Infírese, polo tanto, que ó aprobar un curso superior, acadáronse os obxectivos dos cursos inferiores.